

En *Silencio habitado* está a idealización do amor. A ensoñación dese espazo inmaterial onde un é autor/a do que acontece. É entón cando a *voz lírica* decide fabular partindo dunha base real ou non e chegar á carnalidade do espírito. Tamén está a respiración do “outro” (real ou imaxinario), o hálito do *ti* que pasa a través do *eu* e fala en primeira persoa. Cando hai poder no verdadeiro amor, este convértese nun *estado de grazia* (“ferida” luminosa). Neste poemario tamén está a Patria da nenez, ese espazo onde todo estaba por chegar; onde a ollada tiña esa inocencia que embelecía ao mundo, polo que transitabas sobre unha corda de cristal irrompíbel. Reivindica, por suposto, o latexar daquelas mulleres a quen a prepotencia dos covardes lles arrebatou a voz. *Silencio habitado* pretende ser conciencia e mirada ao mundo nun dobre plano: interno e externo. Para min este poemario (como os anteriores) é unha sorte de refuxio ante as inclemencias do mundo, un xeito de busca do instintivo, do orixinario e telúrico... É ese *lugar sagrado* no que te sentes a salvo neste asteroide á deriva onde reside un mundo disparatado. *Silencio habitado* é un tempo de encontros luminosos (reais ou fabulados) en círculos concéntricos, é un conxuro contra os espazos conxelados. Nesta percepción vital, nesta inflexión cara adentro está o tentar reafirmar a propia identidade para máis adiante rachar a conciencia pechada do *eu* individual e levar a cabo a aventura existencial da escrita coa fin de que a luz se adelgace para tentar que se expanda no oráculo dun océano poderoso: *espazo de revelación-redención*.

Olga Patiño Nogueira



# Olga Patiño Nogueira

## Silencio habitado



 POESÍA  
**PIGMALIÓN**

Este poemario é un luminoso canto contra o desalentó, unha bandada de paxaros fosforescentes que sobrevoa o ocaso e que verte as súas esperanzas imprescindibles por riba dos xardíns do medo. (Epílogo: Jose Carpenter)